


Guías para o profesorado




Infantil

Unha historia fabulada que reivindica o rol feminino na sociedade, combate os estereotipos sexistas e denuncia a discriminación.



Aillada nun xardín, Margarida é a única elefanta do grupo incapaz de conseguir que a súa pel sexa de cor rosa caramelo. Cando os seus proxenitores desisten de impoñerlle ese aspecto, por fin poderá descubrir o significado da liberdade e abrirlle o camiño da igualdade ás súas compañeiras.



Blog:

www.sagradoptevedra.es/biblioteca

25 de novembro
día contra a
violencia de xénero



Curso 2017-2018



Primaria



Xela é a mellor mestra do mundo! Mais semella unha morta vivinte de ollos violeta que pousan acotío no chan. Estarase a volver vampira? Breixo tentará descubri-lo.



O libro cóntanos a historia dunha cincenta pouco agraciada que atopa un príncipe co cal compartir a súa vida, esperando que a faga feliz. Unha vez casada, ela tenta complacelo facendo todo o que el desexa.



Non todo o mundo che está feito da mesma pasta. E que?

Haiche persoas moi distintas e peculiares, e incluso pais que se encargan das tarefas da casa. A diversidade é estupenda e cremos que este libro tamén. E logo!



Alberto, despois dun episodio ltriste coa súa amiga Laura, vivirá unha aventura inesquecible, a máis divertida da súa vida, e todo iso xunto a Noelia, unha boneca.



Unha terrible treboada ameaza unha aldea galega. A intervención da nai de Aldara axudará a salvar a situación e provocará importantes cambios nas relacións entre os seus habitantes.



Carlota era unha princesa rosa. Co seu vestido rosa, seu armario cheo de roupa rosa. Pero Carlota estaba farta do rosa e de ser unha princesa. Quería vestir de vermello, de verde ou de violeta... Non quería príncipes azuis.